

Ás mulleres fáltanos
complicidade.

Lola Herrera

só o humor, a tenrura, o
soñar te afastan da loucura

▼ TAREIXA NAVAZA GONZALEZ



A estas alturas non lle imos descubrir a ninguén quen é Lola Herrera. Tódalas persoas que aman o teatro saben que é unha das grandes, unha actriz autodidacta, intuitiva, capaz dos máis insospeitados rexistros que o mesmo nos fai rir que chorar coa diferenza de segundos, con tal forza e vitalidade que nos arrastra por mundos ben diferentes a través, dos personaxes que lle teñen proporcionado prestixio, sona e premios. Os catorce anos despois de gañar un concurso, veu a Compostela a roda-la película "El Pórtico da Gloria" e entón comezou a súa paixón por Santiago e por Galicia que a levaron, hai uns anos, a mercar unha casa de labranza, preto de Porriño, que restaurou conservando a arquitectura deste país. Este verán visitóunos coa obra "A Toda Luz" na que tamén traballaba a súa filla Natalia Dicenta e na que o seu fillo Daniel era o encargado da luminotecnia. Unha obra que fala da loita pola fama e o aplauso, na que os personaxes se moven impulsados polo orgullo, o amor, o desexo, o adulterio... Lola Herrera -Susan Benet- fixo unha interpretación extraordinaria. Estivo maxestuosa na súa violencia, conmovedora na súa anguria, e soubo dosificar ata límites insospeitados a emoción, a fantasía e maila forza... Coma sempre Lola estivo xenial.

"Creo

que o humor como a
tenrura ou o soñar
son imprescindibles.

Afástannos da
tolemia



Vera Franklin personaxe interpretado pola túa filla representa a unha actriz nova aparentemente inxenua e adorable, que se mete na túa vida con fins non tan inxenuos nin adorables. ¿Atopaches moitas na túa carreira. Son perigosas?.

Atopei bastantes pero a verdade é que non eran tan intelixentes como Vera nin coa súa capacidade interpretativa. As que non valían foron quedando polo camiño e as outras convertéronse en compañeiras artísticas.

Para Susan Benet -O seu personaxe- o amor é máis importante ca o éxito. ¿Coincide contigo?.

Si. Non hai nada máis importante. Refírome ó amor en termos xerais non só ó amor de parella. O amor é o único polo que paga a pena vivir. O amor os semellantes, a un mesmo, á natureza... a todo.

No teatro cando se ten chegado é moi difícil?

Nesta profesión non tes endexamais un sitio. Nunca tes chegado. Examinaste diariamente. É difícil pero apaixonante. Este traballo duro, esgotador dáche novas enerxías. ¡Cánto máis traballo nisto máis me apaixono!

O aplauso ¿é o mellor recoñecemento, o que máis se agradece?.

Non, non estou de acordo. Iso é algo moi mitificado. O aplauso é un xeito de aprobar, de premiar e de responder; pero eu perdonaría o aplauso, é máis, sóbrame o aplauso se non vexo un comportamento ó longo da representación, se non atopo unha boa conexión co público.

¿Segues a estar nerviosa antes de cada representación?

Falaría máis de responsabilidade ca de nervios. Nervios hai o día da estreita, despois o "medo" que produce a responsabilidade do traballo ben feito.

Mesmo nos papeis máis dramáticos extraes unha vea irónica, de humor que supoño ten moito que ver contigo.

Así é. Son unha muller cun gran sentido do humor. Na miña casa somos un grupo que nos rimos moito e tra-

tamos de tirarlle partido á vida: a miña nai, os meus fillos. Creo que o humor como a tenrura ou o soñar son imprescindibles. Afástannos da tolemia. Para mín o teatro foi o psicoanalista perfecto. Agora estame axudando unha amiga psiquiatra porque son moi curiosa e gústame saber cousas miñas, quen son, ata onde poido chegar e cousas que eu non sabería traducir. Polo tanto quero que me axuden a traducilas. Teño 57 anos, son moi lenta para case tódalas cousas, e teño que gañar terreo. Hai moitas cousas que facer e pouco tempo.

A xente nova, as actrices, veñen con moita forza?.

Agora hai moito marketing, moita publicidade. Nestes momentos esíxeiles máis e a xente está mellor preparada pero coido que non son tódalas que están nin están tódalas que son. As que están máis no escaparate non quere dicir que sexan as mellores.

Por qué tes feito tan pouco cine?

Poque non me dediquei a abrir ou chamar en determinadas portas. O teatro é moi absorbente. Cando queres algo debes ir a por ilo, tes que ir na súa procura e eu non me movín en absoluto. Logo hai algún imbécil que fixo a división entre cine e teatro, división que estou segura non existe. Os do cine din que os actores de teatro non valemos para o mundo da imaxe porque temos "vicios"... E sabes, sí temos un vicio que é saber o que facemos, e ese vicio ás veces convértese no noso maior enemigo. Hai directores que non lles gusta que opines, dialogues... Non estou disposta a ser un robot, a que me utilicen, me manipulen. Quero compartir, dialogar coa xente coa que traballo.

¿Que cualidades admiras máis num director/ra?.

A sensibilidade. Seres humanos con sensibilidade e talento.

En ti quen pode máis o cerebro ou o corazón?.

Penso que teño moitísima intuición e iso cando era nova molestábame porque pensaba que as cousas había que racionalizalas. Agora non trato de con-



T. Viz

trolar esa intuición-inspiración, porque na vida e no traballo, nunca me enganaron. Con elas sempre acertei.

Como se pode un manter nun mundo que é un canto permanente a beleza, á xuventude, á estatura....?

Para ser actriz penso que hai que ser pequena (grandes risas). Cheguei a esa conclusión despois de ter sufrido moito nos meu primeiros anos por mor da miña estatura. Convéncinme de que unha muller moi alta, no escenario, terá máis problemas, en termos xerais, para interpretar diferentes papeis.

Xa me tes falado do amor. ¿Como valoras a amizade?

É unha cousa tan sumamente importante e tan difícil de conseguir que non entendo como a xente chama amigo a calquera. Unha cousa son os coñecementos—que non deixan de ser importantes— e outra ben diferente os amigos. Eu teño a amizade de moi poucas persoas.

E que pensas cando escoitas que as mulleres non podemos ser amigas entre nos?

Se as mulleres tiveramos a complicidade que teñen os homes sería dife-

rente. Deberíamos ter presente que temos moito en común e moito camiño que percorrer. Ten que haber respecto e complicidade que é o que fai ós homes máis fortes. As mulleres fáltanos por educación e porque o mundo o fixeron os homes e preocupáronse moi moito de dividírnos.

Cando chega o desamor que fas para poder traballar?

Tento canaliza-lo malo para poder traballar. Cando estou mal concéntroo todo no traallo. Hai tres meses perdín o meu pai e só o traballo me está axudando a superalo. Teño medo do momento en que remate a representación desta obra e non comece os ensaios da próxima. O traballo axúdame a non caer no pozo.

¿Que lle pides a vida?

Harmonía, acougo e algunha sorpresa agradable.

¿Cal é o lema da túa vida?

A constancia. Constancia no meu traballo, poñer nel o mellor de min e respetar sempre os principios. Son unha muller de principios e non rompería nin perdería nada desa ética por nada.

||
... **NON**
trato de
controlar esa
intuición-inspiración,
porque na vida e no
traballo, nunca me
enganaron. Con elas
sempre acertei.

||

"Quero

ser unha vella, vella de verdade, como as de antes, con enrugadas, quero ser unha persoa con historia



Que emociona a Lola Herrera?

Moitas cousas, por exemplo a música e esas caras de dolor que aparecen na TV, facianas que me rompen a alma.

Cando estás representando unha obra que é o máis desagradable que pode acontecer?

A desenvoltura dos caramelos e bombóns. Non se dan conta os espectadores que non soamente quitan o papel de celofán senón que se quedan con el na man e tes gañas de decirlles: "axúdoo porque está tardando moito e estame a molestar". Xogan nas primeiras filas e é horroroso. E logo hai persoas que veñen con chi-

cle e o estalan durante a función. É o que máis detesto. O non se comportar. Pensan que os actores somos de granito. Coido que teñen unha confusión, pensan que somos como a pantalla do televisor, insensibles.

Hai algo que teña marcado a túa infancia?

Si o medo. Nacín en Valladolid no ano 35 e crecín cos estoupidos das bombas e aínda que a miña familia era cálida, amorosa e estupenda, e xoguei e rin moito, o medo lévoa baixo a pel desde sempre. Non se foi de min, segueme como unha sombra aínda que cada vez está máis difuminado; pero hai veces que se recrudece.

Volvo ó mundo da beleza, da xuventude ¿estarías disposta a pasar por un quirófano?

Nunca. Se algún día escoitas que o fixen ou que vou facelo ven verme porque significará que toleei. Non estou polo labor. Quero ser unha vella, vella de verdade, como as de antes, con enrugadas, quero ser unha persoa con historia —e cada enrugada téna—; pero como agora mesmo non se valora a vellez, non se atopa fermosura nela, senón que é máis ben un desprexio —como se só fora a afectar a un sector concreto da sociedade— eu vou ser das poucas vellas da profesión, xa que todo o mundo está a pasar polo quirófano, unha, outra e outra vez... Tódalas da miña idade son xa moito máis novas ca min, non teñen unha enrugada (grandes risas) e entón vai se-lo meu momento para o cine, porque creo que nas imaxes, na fotografía sen van seguir valorando os vellos de verdade e entón cando necesiten unha vella de verdade teránme que chamar porque serei algo exótico dentro da profesión. Deberían prepararnos na escola para asumir a vellez e disfrutala. Porque mira que debe ser traumático meterse nun quirófano, querer ser sempre novo cando non o es de aspecto porque de espírito si se pode ser: hai vellos avinagrados e vellos novos e rapaces avinagrados e rapaces novos. A min gústame moito as persoas maiores. Prodúcenme moita tenrura. ▶



T. Viz